



**PROXECTO LINGÜÍSTICO
DE CENTRO
2023-2027**

1.- INTRODUCCIÓN.....	2
2.- MARCO LEXISLATIVO.....	2
3.- DETERMINACIÓN DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.....	5
3.1.- SITUACIÓN DO PROFESORADO.....	5
3.2.- SITUACIÓN DO ALUMNADO.....	5
3.3.- SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO.....	6
3.4.- SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO.....	7
4.- OBXECTIVOS E PROPOSTAS DE ACTUACIÓN DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO.....	9
4.1.- OBXECTIVOS XERAIS:.....	9
4.2.- OBXECTIVOS EDUCACIÓN INFANTIL.....	10
4.3.- PROPOSTAS DE ACTUACIÓN EN EDUCACIÓN INFANTIL.....	11
4.4.- OBXECTIVOS EDUCACIÓN PRIMARIA.....	12
4.5.- PROPOSTAS DE ACTUACIÓN EN EDUCACIÓN PRIMARIA.....	12
5.- OBXECTIVOS E PROPOSTAS DE ACTUACIÓN PARA A DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.....	16
5.1.- OBXECTIVOS XERAIS.....	16
5.2.- OBXECTIVOS LINGÜÍSTICOS POR ETAPAS.....	17
5.2.1.- EDUCACIÓN INFANTIL.....	17
5.2.2.- EDUCACIÓN PRIMARIA.....	18
5.3.- LIÑAS DE ACTUACIÓN.....	19
5.3.1.- EN EDUCACIÓN INFANTIL.....	19
5.3.2.- EN EDUCACIÓN PRIMARIA.....	19
5.4.- MEDIDAS PARA UN CORRECTO USO LINGÜÍSTICO ESCOLAR E EDUCATIVO.....	20
6.- OBXECTIVOS E PROPOSTAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA ESTRANXEIRA.....	21
6.1.- EDUCACIÓN INFANTIL.....	23
6.1.1.- OBXECTIVOS.....	23
6.2.- EDUCACIÓN PRIMARIA.....	23
6.2.1.- OBXECTIVOS.....	23
6.3.- METODOLOXÍA.....	24
7.- TRATAMENTO INTEGRADO DAS LINGUAS.....	26
8.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	27
9.- ENQUIA ÁS FAMILIAS.....	29
10.- CONCLUSIÓN.....	29
11.- APROBACIÓN DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO.....	30

1.- INTRODUCCIÓN

O Decreto 79/2010 de 20 de maio dedica o artigo 14 ao Proxecto Lingüístico do centro, establecendo que o Proxecto Lingüístico formará parte do Proxecto Educativo do Centro. Este proxecto remitiráselles cada catro curso escolares aos servizos de inspección educativa, que velarán para que o seu contido se axuste a este decreto e ao desenvolvemento da LOMLOE.

Na elaboración do PLC formou parte unha comisión do profesorado do centro, designada polo Equipo Directivo, oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica, tendo implicación o Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

O Proxecto Lingüístico de centro é un documento pedagóxico que ten a función de concretar as actuacións específicas que se levarán a cabo para mellorar a competencia lingüística do alumnado. Fundaméntase na conexión das áreas e nos ámbitos interdisciplinares de comunicación. A súa posta en práctica depende do grao de convencemento de que ensinar a falar, ler e escribir non é responsabilidade do profesor da área de Lingua ou unha ocupación para un momento do día. A integración queda xustificada polo feito de que a linguaxe se desenvolve en contextos comunicativos e de que o dominio da lingua condiciona toda a aprendizaxe. Ademais, temos que ter en conta que as habilidades lingüísticas adquiridas na materia de lingua son transferibles a moitas outras situacións que ofrecen oportunidades para usar a linguaxe na vida real.

2.- MARCO LEGISLATIVO

O Proxecto Lingüístico do centro forma parte do PEC, é redactado por unha comisión de profesorado designado polo equipo directivo, oída a comisión de coordinación pedagóxica, tendo especial implicación o equipo de normalización e dinamización lingüística.

As bases legislativas para a elaboración deste Proxecto están contidas en:

- Constitución española - 1978:

O castelán é a lingua española oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito a usala.

As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos (art. 3).

- Estatuto de Autonomía de Galicia - 1981:

Establece que a lingua propia de Galicia é o galego. Os idiomas galego e castelán son oficiais de Galicia e temos o dereito de coñecelos e usalos. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas, potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. Ademais, ningún poder será discriminado por causa da lingua (art. 5).

- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística:

Establece como obxectivo principal que ao remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán (art.14).

- Decreto 79/2010, do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia:

Establece o marco para a posta en marcha dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega no artigo 15.

No artigo 14 establece a elaboración do Proxecto Lingüístico que deberá contemplar:

- A decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias de educación primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato.

- As medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.
- Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.

No artigo 21 fai referencia as materias non lingüísticas impartidas en lingua estranxeira, principalmente en inglés.

- **Decreto 330/2009, do 4 de xuño**, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal de Xustiza de Galicia.
- **Orde do 10 de febreiro de 2014**, pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.
- **Decreto 155/2022, de 15 de setembro**, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Nestes dous últimos decretos, establécense os obxectivos das dúas etapas en canto ao coñecemento, o uso e a valoración das linguas galega e castelá, así como a organización das mesmas dentro do currículo académico.

- **Resolución do 2 de abril de 2018, Da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**, pola que se regula o programa plurilingüe no segundo ciclo da Educación Infantil (Plurininfantil).
- **Orde do 12 de maio de 2011** pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galicia.

3.- DETERMINACIÓN DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

O CEIP Plurilingüe Virxe do Mar está situado na zona urbana do Concello de Narón, A Coruña, onde case a totalidade das familias coñecen e entenden as dúas linguas oficiais de Galicia aínda que falen maioritariamente o castelán (agás o alumnado estranxeiro e os que proceden doutras comunidades).

Esta análise está baseada na observación e no tratamento da información que se desprende das familias, dos datos estatísticos do Concello e dos datos do mapa sociolingüístico de Galicia.

Así pois na práctica social, o galego non ten a mesma presenza que o castelán por razóns históricas de desprestixio e abandono. A isto, hai que sumarlle que o barrio no que se ubica o centro está ocupado por familias con procedencia doutras comunidades autónomas e países para as que o galego resultaba unha lingua foránea e estraña.

Tendo en conta esta castelanzación da zona onde se ubica o colexio é razoable que se leve a cabo un proxecto coma este, tendente a lexitimar o galego como lingua útil para usala en todos os contextos e situacións.

3.1.- SITUACIÓN DO PROFESORADO

O seu nivel de competencia en lingua galega é medio alto. Este feito favorece a boa disposición que se necesita para a dinamización da nosa lingua.

Hai unha porcentaxe de compañeiras e compañeiros que, falando as dúas linguas empregan premeditadamente o castelán, outra porcentaxe exprésase exclusivamente en galego e unha grande maioría utiliza indistintamente galego ou castelán.

3.2.- SITUACIÓN DO ALUMNADO

No centro hai 202 alumnos matriculados, dos cales hai 55 en Educación Infantil e 147 en Educación Primaria.

O seu nivel económico é, en xeral, medio-baixo. A lingua familiar predominante é o castelán aínda que, a excepción dos estranxeiros e dos alumnos/as que veñen doutras comunidades, todos coñecen e entenden o galego e escóitano en ámbitos familiares (a


casa dos avós, na tv, na escola, etc.).

Tanto co alumnado de orixe estranxeira coma c@s alumnos/as procedentes doutras comunidades autónomas e @s alumnos/as de etnia xitana, é convinte salientar a necesidade de ser flexibles, xa que atopan na escola un contexto lingüístico moi diferente do familiar, lembrando a importancia de que estean en contacto co galego, que se divirtan coas nosas festividades, que coñezan a nosa cultura e que vaian aprendendo progresivamente a lingua, ata facela máis súa.

Trátase de conseguir que sexan competentes tanto a nivel oral coma escrito, en igualdade co castelán.

A mobilidade dos alumnos é debida, especialmente, a que os pais que traballan neste concello, rematan os traballos aos que poden ter acceso e trasládanse a outros concellos nos que atopan outro traballo e polo tanto, levan aos seus fillos a outros centros educativos da comarca.

3.3.- SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO



O alumnado ten moi distinta e variada procedencia, así, dadas as características do alumnado, a lingua predominante é o castelán.

Con este plan pretendemos introducir todos os recursos e actividades posibles para fomentar máis o uso e desfrute da lingua galega.

3.4.- SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

A presenza do galego na vida do centro é total, creando unha atmosfera estimulante de cara á utilización da lingua galega. O galego debe promoverse e utilizarse nas reunións de profesorado, coas familias, polos titores, etc.

- A presenza da lingua galega é plena na documentación administrativa, nas actividades impresas (como por exemplo a revista escolar...), na páxina web, no rotulado do centro e en todas as notas informativas e comunicacións tanto orais coma escritas, coas familias e institucións.
- O emprego da lingua galega por parte do persoal non docente do centro é aceptable.
- Os membros da ANPA, cunha presenza moi activa na vida escolar, exprésanse indistintamente en galego ou castelán.
- Nas actividades extraescolares inténtase combinar o emprego de as dúas linguas dependendo das actividades e do seu contexto de realización.
- A dotación de fondos en galego na biblioteca ten unha presenza do 60%.
- O Concello, como institución pública é membro asemade da Comunidade Educativa, colabora no fomento do idioma ofertando actividades e promovendo o uso do galego.

Segundo indica o **Decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia** procurárase un equilibrio no número de horas ao ensino da materia de lingua galega e lingua castelá.

Ademais desta disposición legal, por parte de todo o profesorado, existe unha implicación para lograr unha **dinamización do uso do galego na vida escolar dos/as alumnos/as**, xa que de común acordo falamos en galego maioritariamente como lingua oral de

comunicación habitual.

Na Educación Infantil o profesorado usa na aula as dúas linguas.

Na aula de 3 anos predomina a lingua materna, incorporando progresivamente o galego ata acadar o 50%. Neste nivel, a lingua determinada como materna é o castelán.

O centro está nun contorno castelán falante, pero na etapa de EI o uso do galego será igual ao castelán, polo que se fomentará progresivamente o uso do galego.

No curso 2018/2019 incorporámonos ao programa de Plurinfantil polo que estamos a adicar catro días á semana sesións de 20 minutos a lingua estranxeira, en momentos de entradas, saídas, asembleas, parvas e en proxectos a desenvolver nas titorías. Tendo un protagonismo significativo a figura da persoa auxiliar de conversa.

Na Etapa de Educación Primaria seguindo o Decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia:

- Garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- As materias de lingua impartiranse no idioma de referencia
- Impartirase en galego a materia de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural (agora Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais) e, en castelán, a materia de Matemáticas.
- Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais, sen prexuízo do disposto no capítulo IV (sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras).
- No curso 2015/2016 incorporámonos á Rede de Centros Plurilingües na que implementamos a materia de plástica en inglés.

DISTRIBUCIÓN HORARIA (CASTELÁN/GALEGO)

Áreas	Cursos					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Lingua galega e literatura	4	4	4	4	4	4
Lingua castelá e literatura	4	4	4	4	4	4
Matemáticas (castelán)	5	5	4	4	4	4
Ciencias sociais (galego)	2	3	2	3	2	2
Ciencias da natureza (galego)	3	2	3	2	3	2
Lingua estranxeira (inglés)	2	2	3	3	3	2
Educación artística (galego/inglés en plástica)	2	2	2	2	2	2
Educación física (galego)	2	2	2	2	2	2
Relixión/ Proxecto Competencial (castelán/galego)	1	1	1	1	1	1
Educación en Valores Cívicos e Éticos (galego)						1
TOTAIS	25	25	25	25	25	25
TOTAIS EN GALEGO	14	14	14	14	14	14

4.- OBXECTIVOS E PROPOSTAS DE ACTUACIÓN DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

Unha vez analizada a situación sociolingüística do centro propoñemos os seguintes obxectivos:

4.1.- OBXECTIVOS XERAIS:

- x Mellorar a competencia comunicativa tanto nos aspectos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos.

- x Fomentar o equilibrio na competencia lingüística nas dúas linguas oficiais da comunidade.
- x Crear hábitos lectores e gusto pola lectura.
- x Acadar unha maior relación coas familias, coa comunidade e co contorno para mellorar a competencia en comunicación lingüística.

Estes obxectivos concréntanse en cada unha das etapas, nuns obxectivos máis específicos e nunha propostas de actuación concretas que se especifican a continuación:

4.2.- OBXECTIVOS EDUCACIÓN INFANTIL

1. Utilizar a lingua como instrumento de comunicación, de representación, aprendizaxe e gozo, de expresión de ideas e sentimentos, e dando valor á lingua oral como un medio de relación cos demais e de regulación da convivencia.
2. Expresar emocións, sentimentos, desexos e ideas mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes, elixindo a que mellor se axuste á intención e á situación.
3. Comprender as intencións e mensaxes doutros nenos, nenas e adultos, adoptando unha actitude positiva cara á lingua, tanto propia coma estranxeira.
4. Comprender, reproducir e recrear algúns textos literarios amosando actitudes de valoración, gozo e interese cara a eles.
5. Iniciarse nos usos sociais da lectura e da escritura explorando o seu funcionamento e valorándoas como instrumentos de comunicación, información e gozo.
6. Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes e realizar actividades de representación e expresión artística mediante o emprego de diversas técnicas.
7. Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades dentro da aula, e amosar interese e gozo participar nestes intercambios comunicativos.

4.3.- PROPOSTAS DE ACTUACIÓN EN EDUCACIÓN INFANTIL

- ✓ Valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos, para explorar coñecementos e para expresar e comunicar ideas e sentimentos e como axuda para regular a propia conduta e a dos demais.
- ✓ Producción de mensaxes orais referidas a necesidades, emocións, desexos, intencións, propostas e opinións.
- ✓ Comprensión das intencións comunicativas dos outros nas diferentes situacións de intercambio oral.
- ✓ Uso progresivo, acorde á idade, de léxico variado e con crecente precisión.
- ✓ Participación e escoita activa en situacións habituais de comunicación, nos diálogos colectivos, libres ou dirixidos, respectando as normas que rexen os intercambios lingüísticos.
- ✓ Utilización axeitada das normas socialmente establecidas para solicitar, despedirse e saudar.
- ✓ Relatos de feitos, situacións, vivencias e contos ben ordenados temporalmente.
- ✓ Comprensión e reprodución oral dalgúns textos da tradición cultural contados ou lidos polos adultos.
- ✓ Recitado dalgúns textos poéticos gozando das sensacións que o ritmo, a rima e a beleza das palabras producen.
- ✓ Participación en xogos lingüísticos.
- ✓ Dramatización de textos literarios.
- ✓ Utilización da biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e de gozo.
- ✓ Préstamos dun libro da biblioteca semanalmente.

- ✓ Sesión semanal para as Bolsas que Van e Veñen (actividade voluntaria das familias).
- ✓ Uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.
- ✓ Reforzo diferentes contidos traballados na clase mediante xogos interactivos na pizarra dixital.

4.4.- OBXECTIVOS EDUCACIÓN PRIMARIA

1. Usar o Plan Lector como base para desenvolver a competencia comunicativa.
2. Usar a biblioteca do centro.
3. Mellorar o hábito lector, comprensión lectora e expresión oral e escrita.
4. Coñecer e usar a maioría de tipos de texto.
5. Servir como plan de mellora no centro na competencia em comunicación lingüística.
6. Favorecer a innovación e a práctica de experiencias innovadoras no centro.
7. Desenvolver ferramentas e estratexias de avaliación
8. Potenciar a atención à diversidade a través do Proxecto Lingüístico.
9. Mellorar o uso das TICs e a súa relación coa comunicación lingüística.
10. Organizar as medidas curriculares, complementarias e extraescolares para o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística.
11. Establecer mínimos lingüísticos para acadar ao final de cada curso.

4.5.- PROPOSTAS DE ACTUACIÓN EN EDUCACIÓN PRIMARIA

- ✓ Utilización da biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e de gozo.

- ✓ Préstamos de libros na biblioteca.
- ✓ Sesión semanal para as Mochilas Viaxeiras (actividade voluntaria das familias).
- ✓ Hora de ler: todos os días de 12:00 a 12:20 horas
- ✓ Uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.
- ✓ Reforzo diferentes contidos traballados na clase mediante a pizarra dixital e xogos elaborados polos mestres.
- ✓ Planificación de lecturas por cursos que é revisado a principio de cada curso escolar e tamén trimestralmente tendo en conta o grupo e as prioridades do mesmo.
- ✓ Co fin de non repetir conceptos teóricos ao longo dos cursos, nunha CCP elaborouse o seguinte documento no que se detalla o mapa de contidos identificando o nivel e a temporalización a traballar en cada curso

	GRAMÁTICA	ORTOGRAFÍA	EXPRESIÓN ORAL	COMPREENSIÓN ESCRITA
P R I M E I R O	Coñecer sílabas directas e inversas. Introducir grupos consonánticos Introducir o abecedario.	Introducir os grupos consonánticos. Introducir no uso mb, mp. Separación de palabras nunha oración. Uso da maiúscula nun escrito.	Normas de cortesía. Informar sobre o tempo Dar instrucións. Contar experiencias. Planificar visitas: antes – despois. Explicar unha secuencia.	Nas composicións escritas non partirán palabras ao final dos escritos. Completar un cartel para a clase. Escribir un pe de foto. Completar descrições de persoas e animais. Completar un horario. Completar unha ficha dunha planta. Completar unha ficha

				dun animal. Completar etiquetas dun produto.
S E G U N D O	Grupos consonánticos Abecedario. O nome. O adxectivo. Recoñecer o verbo.	Palabras con c e qu/c,z/g,gu,gü. Uso de mb/mp. Palabras con todos os grupos consonánticos. Uso maiúsculas e nomes propios.	Normas de cortesía. Interpretar o plano dunha ruta. Contar experiencias. Planificar visitas. Explicar unha secuencia. Diferenciar tipos de texto: conto-noticia.	Completar unha invitación. Completar descrições elaboradas de animais e persoas. Iniciarse na elaboración dun conto. Escribir o final dun relato. Elabora un menú. Iniciarse na rima.
T E R C E I R O	A linguaxe as linguas. As sílabas tónicas e átonas. O artigo. Os posesivos Os pronomes persoais. Introducir os determinantes Utilizar con corrección presente pasado e futuro.	O punto. A partición de palabras. Signos de interrogación e admiración.	Normas de cortesía. Pedir información. Explicar u proceso. Expresar preferencias. Contar unha experiencia persoal. Dar indicacións dunha ruta. Explicar unha secuencia.	Elaborar un cartel. Describir paisaxes. Escribir un texto a partir dunha ficha ou descrição. Escribir unha receita. Escribir contos. Facer pareados.
C U	Determinantes.	Acentuación. Uso da raia.	Normas de cortesía.	Programar unha actividade.

<p style="text-align: center;">A R T O</p>	<p>Demostrativos</p> <p>Numerais.</p> <p>Indefinidos.</p> <p>Verbo: Tipo de conxugación; presente, pasado futuro; formas persoais e non persoais.</p> <p>Clases de oracións.</p> <p>Iniciarse na análise morfolóxica.</p> <p>Iniciarse na análise sintáctica.</p> <p>Ditongos e hiatos.</p>	<p>Os puntos suspensivos.</p> <p>Introdución das contraccións.</p>	<p>Xustificar preferencias nun debate.</p> <p>Introducir na definición de palabras.</p> <p>Explicar unha secuencia.</p>	<p>Escribir unha invitación.</p> <p>Elaborar un anuncio.</p> <p>Incluír o índice nos traballos.</p> <p>Introducirse no deseño dun texto no ordenador.</p> <p>Comparar expresar sentimentos e crear personificacións nas descrições de persoas, animais e paisaxes.</p> <p>Escribir tercetos.</p>
<p style="text-align: center;">Q U I N T O</p>	<p>Comunicación.</p> <p>Linguaxe e linguas.</p> <p>Introducir graos do adxectivo.</p> <p>O adverbio.</p> <p>Os enlaces: preposicións e conxuncións.</p> <p>Memorización dos verbos.</p> <p>Análise morfolóxica.</p> <p>Análise</p>	<p>Uso das contraccións.</p> <p>Acentuación de ditongos e hiatos.</p> <p>Repaso acentuación.</p> <p>Introdución acento diacrítico.</p> <p>Punto e coma.</p>	<p>Normas de cortesía.</p> <p>Participar nun parladoiro expresando vantaxes e inconvenientes.</p> <p>Facer unha exposición de vivencias/experiencias .</p> <p>Expoñer un traballo.</p> <p>Interpretar un folleto de instrucións.</p> <p>Describir palabras.</p> <p>Explicar unha secuencia.</p>	<p>Describir unha imaxe.</p> <p>Escribir unha reclamación.</p> <p>Narrar unha historia, conto, noticia.</p> <p>Introducir na redacción dunha entrevista.</p> <p>Escribir unha reclamación.</p> <p>Introducir os esquemas.</p> <p>Escribir cuartetos.</p>

	sintáctica.			
S E X T O	Profundizar en todo o dado anteriormente. Profundizar nos grados do adxectivo. Uso axeitado do verbo.	Afianzamento dos contidos anteriores.	Normas de cortesía. Introducir un tema. Expresar opinións. Dar argumentos. Dar conclusións. Describir palabras. Explicar unha secuencia.	Facer un esquema. Organizar as ideas dun texto. Reelaborar a información. Completar unha ficha bibliográfica. Profundizar nas descrições: persoas, animais, paisaxes e imaxes. Elaborar contos, anuncios, invitacións. Escribir un poema.

5.- OBXECTIVOS E PROPOSTAS DE ACTUACIÓN PARA A DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

5.1.- OBXECTIVOS XERAIS

- 1) Conseguir o equilibrio na competencia lingüística nas dúas linguas oficiais, asegurando que o alumnado aumente a competencia e uso habitual do galego.
- 2) Acadar unha axeitada competencia en galego ao remate da etapa.
- 3) Promover a competencia nas linguas estranxeiras.
- 4) Continuar empregando o galego nos documentos de relación coas familias e co contorno social; correspondencia, boletíns de notas, comunicados, así como topo de carteis, letreiros, páxina web, blogue a biblioteca....
- 5) Garantir que todo o profesorado teña plena competencia para desenvolver a súa labor docente en galego.

- 6) Promover o coñecemento da realidade, cultura, historia, xeografía, economía e etnografía galega, por parte do alumnado, profesorado e familias.
- 7) Colaborar cos centros educativos do contorno na realización de actividades conxuntas empregando a lingua galega.
- 8) Participar en todas as actividades promovidas polo concello para o fomento da lingua galega.
- 9) Dotar á biblioteca de material en galego.
- 10) Fomentar o emprego das TICs, con materiais específicos en galego.
- 11) Organizar actividades complementarias e extraescolares que contribúan a difundir a cultura galega empregando a lingua galega.
- 12) Utilizar a lingua galega en todos os actos oficiais e celebracións no centro tanto sexan de carácter académico como de lecer.
- 13) Dar apoio a ANPA nas actividades que realicen para que poidan desenvolverse empregando sempre a lingua galega.

5.2.- OBXECTIVOS LINGÜÍSTICOS POR ETAPAS

5.2.1.- EDUCACIÓN INFANTIL

- 1) Utilizar a lingua galega como instrumento de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxes e de gozo.
- 2) Comprender que as palabras, números, notas musicais e símbolos poden representar pensamentos, experiencias, coñecementos, ideas e invención das persoas.
- 3) Comunicarse oralmente en galego con distintos propósitos, con diferentes interlocutores e en diversidade de contextos.
- 4) Achegarse á lingua escrita a través de diferentes tipos de textos.
- 5) Comprender, reproducir, reescribir –tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita_ e recrear textos.

- 6) Facer uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e de pracer.
- 7) Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar... desde as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos...
- 8) Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TIC como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación.

5.2.2.- EDUCACIÓN PRIMARIA

- 1) Comprender e expresarse oralmente e por escrito de xeito adecuado nos diferentes contextos da actividade social e cultural cotiá.
- 2) Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar tanto para buscar, recoller, seleccionar, contrastar, transformar e procesar información, como para escribir textos propios do ámbito académico.
- 3) Usar, en situacións relacionadas coa escola e coa súa actividade, as diversas clases de escritos coa axuda dos cales se produce a comunicación, tanto entre as persoas como destas coas institucións públicas ou privadas.
- 4) Utilizar os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, interpretar e valorar informacións e opinións diferentes.
- 5) Utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal, e aproximarse a obras relevantes da tradición literaria galega para desenvolver hábitos lectores.
- 6) Valorar e estimar a lingua galega como lingua propia como mostra de identidade de Galicia e recoñecer a existencia da diversidade lingüística como feito cultural enriquecedor.
- 7) Facer uso dos coñecementos sobre a lingua e sobre as normas de uso lingüístico para escribir e falar de maneira adecuada, coherente e correcta e para comprender textos orais e escritos.

5.3.- LIÑAS DE ACTUACIÓN

Á hora de tomar decisións sobre as medidas a adoptar para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparte teremos en conta o principio de globalización, a consideración do xogo nas etapa de Educación Infantil, organización do ambiente de aprendizaxe e que as actividades propostas deben supoñer sempre un reto para o alumnado.

Así as actividades básicas para cada etapa son as seguintes:

5.3.1.- EN EDUCACIÓN INFANTIL

- 1) Tratar de realizar a xornada do día nas dúas linguas para que o alumnado realice actividades tanto en galego como en castelán.
- 2) Realización de hábitos e rutinas cotiás en lingua galega.
- 3) Actividades de literatura infantil en galego, cunha maior potenciación a medida que aumente o material dispoñible nesta lingua.
- 4) Elaboración de carteis en lingua galega.
- 5) Memorización, entoación e comprensión de cancións en lingua galega.
- 6) Elaboración de proxectos de traballo en lingua galega.
- 7) Celebración de festas populares e tradicionais.
- 8) Coñecer o noso patrimonio sociocultural e artístico.
- 9) Bolsa viaxeira da biblioteca escolar.
- 10) Hora de ler.

5.3.2.- EN EDUCACIÓN PRIMARIA

- 1) Celebración de festas populares e tradicionais.
- 2) Coñecer o noso patrimonio sociocultural e artístico.
- 3) Plan lector; hora de ler, mochilas viaxeiras desde a biblioteca escolar...
- 4) Situacións comunicativas diversas.

5) Lectura e comprensión de textos.

6) Produción de textos orais e escritos.

5.4.- MEDIDAS PARA UN CORRECTO USO LINGÜÍSTICO ESCOLAR E EDUCATIVO

- ✓ Celebración de festas populares e tradicionais.
 - O Samaín
 - O Magosto
 - O Entroido
 - Os Maios
- ✓ Obradoiros e actividades ofertadas polo concello de Narón
 - Mostra de teatro
 - Educación Vial
 - Obradoiros en Aldea Nova e Muíño de Pedroso
 - Obradoiros no centro: nutrición, Samaín, esfolla, Maios ...
 - Certame literario, participando nas modalidades de murais, cómic, conto ilustrado
- ✓ Actividades ofertadas polo concello de Ferrol
- ✓ Proxecto Documental Integrado
- ✓ Actividades orais e de animación á lectura:
 - Hora de ler
 - Bolsas que van e veñen
 - Mochilas viaxeiras
 - Visita dalgún autor/autora
 - Contacontos
- ✓ Actividades motivadoras

- Xogos populares no recreo
 - Ludoteca
 - Apadriñamentos lectores
 - Revista Andar
 - Utilización do blogue da biblioteca
 - Uso da radio escolar
- ✓ Día Internacional dos Dereitos do neno, 20 de novembro
 - ✓ Día Internacional contra a Violencia de Xénero, 25 de novembro
 - ✓ Nadal, visita do Apalpador, que nos conta historias tradicionais destas datas
 - ✓ Día da Paz , 30 de xaneiro
 - ✓ Día de Rosalía , 23 de febreiro
 - ✓ Día Internacional da Muller Traballadora, 8 de marzo
 - ✓ Semana da Prensa
 - ✓ Día Mundial da Poesía, 21 de marzo
 - ✓ Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, 2 de abril
 - ✓ Día do Libro, 23 de abril
 - ✓ Semana das Letras Galegas
 - ✓ Festival de Fin de curso-Letras Galegas
 - ✓ Outras actividades que puntualmente poidan xurdir en circunstancias especiais.

6.- *OBXECTIVOS E PROPOSTAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA ESTRANXEIRA.*

O noso proxecto de programa plurilingüe, nace coa idea de que o alumnado aprenda unha lingua estranxeira, inglés, dentro da escola, como elemento do currículo e a interiorice no seu desenvolvemento. A presenza dunha lingua estranxeira na aula hai que abordala desde un enfoque comunicativo e intercultural, pois o coñecemento dos valores e as

crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada.

OBXECTIVOS XERAIS:

1. Incrementar a presenza da lingua estranxeira como vehicular.
2. Favorecer a transferencia entre as linguas que se imparten no centro.

OBXECTIVOS LINGÜÍSTICOS:

1. Utilizar o inglés como vehículo de aprendizaxe e coñecemento doutras áreas.
2. Mellorar a competencia lingüística na área de inglés, proporcionándolles vocabulario e fluidez e integrando ao alumnado no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
3. Involucrar ao centro nunha idea social, plurilingüe e pluricultural, na que se integren os procesos de comunicación e intercambio de experiencias a través das TIC e favorecer o desenrolo dunha sociedade de coñecemento propia do século no que vivimos.
4. Proporcionar ao alumnado, especialmente a aqueles con necesidades educativas, as estratexias necesarias para enfrontarse á situacións da vida ordinaria, a través dun maior dominio do inglés.
5. Pasar de forma progresiva a unha ensinanza sistemática da lectoescritura na materia de inglés, para lograr unha decodificación nas áreas non lingüísticas e así comprender e asimilar os diferentes coñecementos que nelas se imparten.
6. Permitir ao alumnado coñecer dende unha idade temperá outras culturas, costumes e institucións que lle axudarán a formarse nun ambiente de tolerancia e solidariedade propia dunha sociedade pluricultural, desenrolando un espírito crítico.

6.1.- EDUCACIÓN INFANTIL

6.1.1.- *OBXECTIVOS*

1. Desenvolver habilidades orais e de escoita.
2. Facer que eles mesmos usen o coñecemento do inglés para aprender máis, revisando e practicando o vocabulario sobre diferentes temas.
3. Practicar, expresando sentimentos e ideas sobre o mundo que lles rodea, usando verbas en inglés para expresar opinións, así como o que lles gusta e o que lles desagrada.
4. Practicar instrucións, dándoas e recibíndoas.

6.2.- EDUCACIÓN PRIMARIA

6.2.1.- *OBXECTIVOS*

1. Desenvolver habilidades orais e de escoita.
2. Facer que eles mesmos usen o coñecemento do inglés para aprender máis, revisando e practicando o vocabulario sobre diferentes temas (xeometría, formas, cores, animais).
3. Practicar, expresando sentimentos e ideas sobre o mundo que lles rodea, usando verbas en inglés para expresar opinións, así como o que lles gusta e o que lles desagrada.
4. Ler e practicar instrucións, dándoas e recibíndoas.
5. Exercitar súas destrezas na escritura.
6. Expresar verbas relacionadas coas formas artísticas (cor, forma, sombra, liñas, posición, distancia, textura,movemento,.....) .
7. Desenvolver diferentes habilidades para organizar, representar e explorar.



8. Observar diferentes medios de comunicación do entorno cotiá que utilicen a imaxe e o son e que poidan ser empregados como un recurso de educación artístico-musical, apreciando as súas calidades e as súas limitacións.
9. Desenvolver progresivamente a capacidade crítica respecto á expresión e estética dos medios de comunicación que utilizan a imaxe e o son.
10. Desenvolver a sensibilidade e o gusto por todo o bonito e creativo que nos aportan outras culturas.

6.3.- METODOLOXÍA

O traballo das rutinas desde o primeiro curso de Educación Infantil é un dos piares máis importantes da metodoloxía a seguir. As rutinas serven para interiorizar contidos á vez que se afianza a linguaxe para que o alumnado se sinta seguro á hora de producir oralmente. O alumnado de Educación Infantil necesita un desenvolvemento das actividades moi organizado e repetitivo, que lle sirva de axuda para predicir os acontecementos e favorecer as aprendizaxes dándolle seguridade e fomentando a súa autoestima.

Para poder levar a cabo as rutinas de aula (entradas, asemblea, merendas e saídas) organizaremos os horarios de xeito que as tres clases de Educación Infantil participen ao longo da semana nas catro rutinas mencionadas.

Destacamos o principio de globalización, partiremos sempre dos intereses e capacidades do alumnado, o que facilitará un aprendizaxe significativo e motivador. O desenrolo das distintas unidades terá un enfoque integrador, acercando ao alumnado a situacións contextualizadas da súa propia experiencia ou do seus coñecementos previos, alternándose actividades de diversa natureza (observación, comprensión, expresión, reflexión, valoración,...) a través da actuación da mestra e coa participación activa dos alumnos.

Favorécese a atención individualizada ao alumnado, respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe e proporcionándolles actividades de reforzo para recuperar os contidos non

consolidados e /ou actividades de ampliación cando os contidos fosen acadados sen problemas.

Priorizaremos o uso da lingua oral fronte á escrita e iremos introducindo paulatinamente a forma escrita co apoio que recibirán dentro da propia materia de inglés.

O tratamento do erro como a interferencia da primeira lingua (neste caso castelán) sobre a segunda e terceira (galego e inglés respectivamente) entenderase como parte natural do proceso de ensino-aprendizaxe das linguas. Imponse, polo tanto, coñecer e adiantarse ao erro para que a súa corrección sexa comprensiva e evitar unha actitude negativa por parte do alumnado.

Os períodos de silencio serán respectados posto que forman parte esencial do proceso de aprendizaxe dunha lingua, sexa materna ou non. Segundo Krashen, estes períodos son vitais a nivel cognitivo, o obxectivo é que o filtro afectivo estea baixo e que o input se absorba con facilidade. Cando o filtro afectivo está alto dificulta o entendemento do input.

Utilizarase unha gran variedade de recursos metodolóxicos e didácticos: materiais específicos (libros, vídeos), as TIC (encerado dixital, ordenadores, internet) e material funxible, entre outros. Contémplase a posibilidade da integración do programa eTwinning dentro do proxecto.

Os tipos de agrupamentos serán diversos, e adecuaranse ao tipo de actividades que se van a desenvolver, incluíndo o grupo clase, traballo individual, pequenos grupos e parellas, así como os agrupamentos flexibles para realizar actividades de reforzo ou ampliación.

Os tipos de agrupamentos serán diversos, e adecuaranse ao tipo de actividades que se van a desenvolver, incluíndo o grupo clase, traballo individual, pequenos grupos e parellas, así como os agrupamentos flexibles para realizar actividades de reforzo ou ampliación.

7.- **TRATAMENTO INTEGRADO DAS LINGUAS**

O tratamento integrado das linguas enténdese dun xeito amplo como a elaboración dunha programación consensuada entre as diferentes linguas curriculares do centro, baseada nunha metodoloxía común. Traballar deste xeito supón:

- ✓ A mellora da competencia en comunicación lingüística do alumnado galego.
- ✓ Promover os procesos de ensino e aprendizaxe de linguas baseados no enfoque comunicativo e nas competencias clave.
- ✓ Non repetir conceptos teóricos no ensino de diferentes linguas e achegarnos ao feito lingüístico usando a mesma terminoloxía.
- ✓ A ensinanza das linguas debe basearse no seu uso social e nun enfoque comunicativo.
- ✓ Un contexto ideal, para este enfoque, son os proxectos interdisciplinares que impliquen prácticas comunicativas (escoitar, falar, ler e escribir sobre algo) en contextos diversos e con diversas finalidades.
- ✓ Ensinar linguas non é tarefa exclusiva do profesorado das áreas lingüísticas.
- ✓ A realidade plurilingüe do noso centro, non é un problema, é unha oportunidade. Todo o profesorado debe valorar e respectar cada un dos sistemas de comunicación que están presentes no centro e non lle transmitir prexuízos ao alumnado.

Tendo como base estas premisas poderase compartir o deseño de proxectos de comunicación significativos. Estas iniciativas resultarán máis interesantes na medida que incorporen temáticas de áreas non lingüísticas e, por suposto, que contemplan a mediación das tecnoloxías da información e da comunicación no seu desenvolvemento.

En definitiva, o Tratamento Integrado de Linguas consiste na elaboración dunha programación didáctica consensuada para as linguas vehiculares do centro. Esta programación parte de presupostos accesibles ao alumnado e dunha metodoloxía común. O seu principal obxectivo é facilitar as transferencias lingüísticas entre idiomas e, en definitiva, mellorar a calidade do proceso de ensino-aprendizaxe.

Para acadar estes obxectivos é necesario redefinir a metodoloxía tradicional de ensino nas aulas, sendo o enfoque comunicativo o método máis axeitado para o ensino de linguas. Así, ponse en marcha o traballo por tarefas ou proxectos, isto é, a realización de pequenas actividades ou accións conectadas entre si que teñen como fin último a elaboración dunha tarefa final. Para lograr o obxectivo último, é necesario resolver cada actividade, superar as dificultades e descoñecemento sobre o tema en cuestión e cohesionar cada coñecemento obtido para dar coa resposta última do proxecto. Cada tarefa que se leve a cabo debe organizarse de maneira que se potencien e reforcen os estándares de comprensión lingüística (oral e escrita) e produción lingüística (textual, oral e interacción).

8.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade debe ser entendida como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, situacións sociais, culturais, lingüísticas do alumnado. Constitúe, por tanto, un principio fundamental que debe rexer a toda a ensinanza cuxa finalidade é asegurar a igualdade de oportunidades de todo o alumnado ante a educación.

Neste sentido, existe no centro o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que se atopan incluídas como se regularán as actividades de apoio, que se levan a cabo dependendo e partindo das necesidades do alumnado.

- ✓ Aqueles alumnos/as que amosen un insuficiente dominio das linguas relacionados con problemas de aprendizaxe.
- ✓ Aquel alumnado que proveñen doutras comunidades e que descoñecen o galego.
- ✓ Alumnado procedente do estranxeiro que descoñecen as dúas linguas oficiais de Galicia, teñan un desfase curricular significativo ou graves dificultades de adaptación. Procederase a implementar medidas tanto de tipo curricular como organizativas.

A adopción de medidas específicas de atención educativa contemplaría as seguintes posibilidades:

- ✓ Reforzos Educativos. que será levado a cabo polo docente que imparte a área ou materia que poñerá en coñecemento á familia.
- ✓ Programas de competencia curricular.
- ✓ Programas de inmersión lingüística.
- ✓ Incorporación a un agrupamento flexible (en caso de se os houbera).
- ✓ Adaptacións curriculares significativas.

En todo caso estas medidas xenéricas y específicas desenvolveranse, sempre que sexa posible, no grupo ordinario a tempo completo e, cando sexa necesario, con apoios dentro do grupo, ou nas aulas de PT ou AL.

Estratexias para o ensino das linguas:

- ✓ Programar diferentes actividades para tratar cada un dos contidos.
- ✓ Seleccionar e utilizar materiais curriculares diversos.
- ✓ Empregar distintas estratexias metodolóxicas que favorezan a participación de todo o alumnado e a autonomía na aprendizaxe.
- ✓ Propor actividades que poñan en xogo distintas estratexias de aprendizaxe.
- ✓ Posibilidade de distintas formas de agrupamento.

Finalmente, hai que salientar aquelas familias que chegan ao centro con descoñecemento das dúas linguas oficiais. Neste caso ponse en marcha o plan de acollida no que se recollen, entre outras, as seguintes medidas:

- ✓ Contar coa colaboración de pais/nais e alumnado da mesma nacionalidade que poidan facer de interpretes.
- ✓ Acudir ás institucións oficiais (servizos sociais...) para acadar unha comunicación efectiva.



- ✓ Emprego de medios e recursos ao noso alcance para facilitar unha comunicación bidireccional.

9.- ENQUISA ÁS FAMILIAS

Don/Dona _____ pai/nai/titor/a legal do
alumno/a _____ responde á seguinte
cuestión:

Cal é a lingua materna do seu fillo/a?

Galego

Castelán

Asdo; _____

Narón, a ____ de _____ de 20__

10.- CONCLUSIÓN

No artigo 5º o Estatuto de Autonomía de Galicia define o galego como a lingua propia de Galicia. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito a coñecelos e usalos.

Adquirir dúas linguas a un tempo non debe presentar un problema, senón todo o contrario, é unha riqueza que de xeito favorable influirá posteriormente na adquisición doutras linguas.

Polo tanto ten que ser un eixo importante na formación do noso alumnado. As aprendizaxes realizadas en varias linguas promoven o desenvolvemento da conciencia metalingüística e, ao mesmo tempo, inciden no desenvolvemento cognitivo.

O Proxecto Lingüístico de Centro é un documento aberto, que ten que ser complementado, avaliado e corrixido anualmente co fin de reparar as eivas detectadas en cada curso. Adoptaranse as medidas que permitan dispor dos medios materiais e persoais precisos para corrixilas no curso seguinte.

Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na que constará:

- ✓ os resultados da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquiera, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
- ✓ sempre que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeiras(s), información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola Consellería de Educación.
- ✓ información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.

11.- APROBACIÓN DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

- Presentado ao Claustro para a súa avaliación e aprobación dos aspectos curriculares na reunión ordinaria que tivo lugar o día 30 de xaneiro de 2024
- Aprobado polo Consello Escolar na reunión ordinaria do 30 de xaneiro de 2024

A directora

A secretaria

M^a del Carmen Loureiro Rodríguez

Iria Rico Varela